

conecta

XORNADA DE ENCONTROS ENTRE CREADORES

8º edición – edición 100% Telemática

(Networking nos tempos do Covid)



que?

conecta é unha ferramenta para poñer en contacto a directores e guionistas que estean desenvolvendo proxectos audiovisuais en Galicia.

É unha actividade -organizada por **CREA, Asociación de Directores e Realizadores de Galicia** co apoio da **Fundación SGAE** e a colaboración da **Asociación Galega de Guionistas** no que aqueles **guionistas que buscan director**, aqueles **directores que buscan guionista**, ou simplemente todo aquel que teña un proxecto e queira poder recibir opinións doutros compañeiros, poida ter unha serie de **reunións un-a-un de 25 minutos** de duración centradas no seu proxecto concreto.

para que?

A finalidade de **conecta** é xerar un espazo de **contacto entre autores audiovisuais**; facilitar a conexión entre guionistas e directores, co obxectivo de **fortalecer os proxectos** a partir da **colaboración** e das **opinións** doutros creadores.

Falar, discutir e coñecer compañeiros de profesión é beneficioso para todos, e pode ser útil non só para reforzar os proxectos tratados, senón tamén para establecer nexos que poidan xerar **novas propostas**.

Ademais, a estrutura de reunións un-a-un é o mellor exercicio para poñer en práctica o *pitch* dos proxectos, de forma que saian reforzados para cando se confronten con produtores, inversores, programadores, etc.

para quen?

conecta vai dirixido a un amplo abano de creadores: desde **profesionais** en activo e con carreiras xa establecidas, ata **estudantes** das distintas escolas e facultades de audiovisual, que estean xerando os seus primeiros proxectos profesionais.

Todo aquel creador/a que teña un proxecto audiovisual -sexa o que sexa o estado de desenvolvemento- e queira discutilo con outros creadores, ou estea na procura dun director/a, ou dun guionista con quen colaborar, pode inscribirse para participar na xornada de encontros.

Unha comisión formada por membros de CREA e de AGAG fará, de entre tódalas inscricións, unha selección dos **proxectos** máis interesantes.

como foi?

Este ano celebramos a oitava edición de Conecta. As anteriores edicións foron, sen dúbida, das actividades máis satisfactorias organizadas por CREA.

Cada ano reuníronse ao redor de **70 creadores e creadoras** -do ámbito da dirección ou do guión- e celebráronse centos de **reunións** para discutir sobre proxectos, nun **ambiente de colaboración** aberta e construtiva. Un ambiente moi estimulante que se facía especialmente palpable nas pausas de café e comida, onde se creaba unha **mestura total** de distintos estilos, persoas con distinta formación e con distintos niveis de experiencia.

como vai ser?

A edición 2020 será unha **edición 100% telemática** a través da plataforma **Zoom**. Os participantes dividiránse en **dúas** categorías: **participantes con proxecto** e **participantes sen proxecto**.

Os **participantes con proxecto** -tanto profesionais como estudantes- poderán presentarlle o seu proxecto a outros guionistas e/ou directores cos que se poida **establecer unha colaboración profesional** ou, cando menos, **recibir unha serie de opinións** que poidan favorecer á reflexión sobre o seu proxecto e, desa forma, **axudar a fortalecelo**.

Os **participantes sen proxecto** -profesionais en activo - terán a oportunidade de **escoitar proxectos, coñecer novos creadores** e, no mellor dos casos, establecer algunha **colaboración profesional** que poida fructificar no futuro.

Para garantir a seguridade de todas as persoas participantes, na edición 2020 desenvolveremos o encontro dun xeito telemático. Todas as reunións terán lugar dentro da **sala de reunións CREA** dentro da plataforma de videoconferencia **Zoom**

A preparación do encontro, desenvolveráse nas seguintes fases:

1. **presentación de proxectos:** os participantes con proxecto presentan un **pequeno dossier ou sinopse** do proxecto.
2. **listaxe de participantes:** unha vez feita a selección, á lista de participantes con proxectos incorpórase a de participantes sen proxecto - directores e guionistas con experiencia que desexen formar parte do evento-, e establécese unha **listaxe definitiva de participantes**.
3. **organización de reunións:** os participantes reciben un **cronograma de reunión**, coa axenda de reunión de cara á xornada do Conecta.
4. **xornada de encontros:** o día do encontro os participantes terán que acceder á **sala de reunión de CREA** na plataforma [Zoom](#), habilitada para a celebración simultánea das reunións un-a-un.

onde e cando?

A xornada de encontros terá lugar o sábado **31 de outubro** na **da SGAE a través da plataforma [Zoom](#)**. O horario será de **10:30 a 14:30**.

e logo que?

Nestes momentos, tamén estamos traballando na **segunda etapa** do proxecto, chamada **conecta+**, na que os proxectos **máis valorados** polos participantes terán a oportunidade de seren presentados a unha serie de **produtores** nunha xornada de **encontros un-a-un**, nun formato semellante ao da primeira etapa, para favorecer así a posibilidade de que os proxectos seleccionados poidan chegar a **materializarse**.

outras preguntas?

Onde me podo inscribir?

O formulario de inscrición esta dispoñible [aquí](#).

Unha vez cuberto, podes engadir toda a **información complementaria** que consideres importante para a correcta comprensión do proxecto.

Cando remata o prazo de inscrición?

O prazo remata o **27 de outubro de 2019**.

Hai algunha limitación en canto a idioma ou contido?

Ningunha. En canto ao idioma, o proxecto e o seu dossier poden estar escritos no idioma que desexes. E en canto ao contido, a xornada esta aberta a calquera tipo de obra audiovisual.

Podo presentar máis dun proxecto?

Podes presentar **todos cantos consideres**. E en caso de seres seleccionado, podes traballar con máis dun se o prefires; pero aconsellamos centrarse só nun para aproveitar mellor a cornada de encontros.

Non son demasiado breves as reunións?

Todo depende do criterio de cada un. Pero o certo é que no mundo dos mercados e do pitching, son **habituais as reunións de 25 min.** E para poder levantar calquera proxecto audiovisual, é fundamental ser capaz de **explicalo en pouco tempo**.

Non me copiarán a miña idea?

Para poder levantar un proxecto audiovisual é imprescindible **compartir a información**. Non hai outra maneira. E o habitual é que os **creadores profesionais** acaben pitcheando o seu proxecto a unha **enorme cantidade de persoas**, antes de conseguir financialo. Pero a posibilidade de ser plaxiado sempre existe. Por iso é recomendable **rexistrar** os proxectos. De todas formas, é importante non esquecer que **o noso talento é o alicerce fundamental** dos nosos proxectos. Se a alguén lle interesa o noso proxecto, o máis probable é que lle interese o noso talento, non só a idea concreta.

Os que escoiten o meu proxecto lerán antes a información que eu mando?

O máis habitual é que os participantes sen proxecto lean os dossieres que se lles envían, pero **non están obrigados a facelo**. Igual que en calquera reunión profesional cun posible produtor, distribuidor, inversor -ou quen sexa-, pode ser que mirasen a túa info con atención ou que só lle botasen un vistazo. E en calquera caso, é importante **poder transmitir en pouco tempo** o contido da nosa historia a xente que non a coñece en absoluto, non so a quen xa ten información previa.

Para calquera outra dúbida, escribenos a **contacto@crea.gal**.

Conecta é unha actividade de

co apoio de



fundación  sgae

The logo for Fundación SGAE consists of a dark blue square containing the white lowercase letters "sgae".

e a colaboración de

